XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Asunto: Xustificación de gastos de funcionamento cofinanciados polo FSE

Con data 28 de setembro de 2010 enviouse un escrito a ese centro no que se solicitaba que, durante o mes de outubro, se enviara a xustificación de gastos das diferentes actuacións en relación co Programa Operativo do Fondo Social Europeo (2007-2013), que se tiveran producido durante o período 01.01.2010 ao 30.09.2010.

Agora é preciso que se envíe a xustificación dos gastos de funcionamento do período restante, do **01.10.2010 ao 31.12.2010**, das ensinanzas: ciclos formativos (ordinarios e de adultos relacionados coas TIC), ensinanzas modulares de ciclos formativos e programas de cualificación profesional inicial, así como daquelas actuacións como son: medidas de orientación, reforzo e apoio (MORA) e recoñecemento das competencias profesionais.

A tal efecto, os centros **deberán enviar** á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, **durante o mes de xaneiro de 2011,** a seguinte documentación:

- **Formulario 2**: Gastos directos de funcionamento (período 1 de outubro ao 31 de decembro de 2010).
- **Formulario 3**: Gastos indirectos de funcionamento (período 1 de outubro ao 31 de decembro de 2010).
- **Formulario 4**: Resume anual de gastos (período 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2010).
- **Relación de gastos** (relación de facturas imputadas de acordo co capítulo 4 do Manual de xustificación de gastos).
- **Fotocopias das facturas e xustificantes de pago desas facturas.**

NOTA: Os formularios pode atopalos no portal educativo: http://www.edu.xunta.es/web/fse
As fotocopias das facturas e xustificantes de pago pódense enviar en formato de arquivo *pdf*, en soporte CD. O resto dos formularios teñen que enviarse en papel e debidamente asinados.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2011

O DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA



José Luis Mira Lema

Sr./Sra. Director/a